

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA GARANTIR UNHA ATENCIÓN INTEGRAL ÁS MULLERES XORDAS QUE SOFRAN VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha banda:

Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e Igualdade en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, que actúa en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra banda:

María Alonso Mesía, presidenta da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en adiante FAXPG), que actúa en nome e representación da dita entidade co NIF G15068091, de acordo co nomeamento outorgado por Acordo da Asemblea Xeral do 15 de xuño de 2024 e en virtude dos artigos 35 e 36 dos seus Estatutos.

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime

xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, segundo o disposto no artigo 29 do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, as competencias para impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

IV. Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, segundo dispón no seu artigo 1.1, ten por obxecto a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

V. Que a Lei 7/2023, do 30 de novembro, recolle no seu artigo 74.1, que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico, no exercicio das súas competencias, garantirán o dereito á igualdade de trato das mulleres e das nenas con discapacidade. Alén diso, fomentarán a igualdade de oportunidades en relación coas demais mulleres e cos homes, con ou sen discapacidade. Serán obxecto de especial tratamento as situacións de discriminación múltiple e interseccional por mor do sexo e da discapacidade, ou por mor do sexo, da discapacidade e doutros factores de discriminación, ao considerar que a confluencia de dous ou máis factores de discriminación ten un efecto exponencial na situación de desigualdade.

VI. Que a violencia que se exerce contra as mulleres nas súas distintas formas supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos.

Tendo en conta que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non están suficientemente cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade, de cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

VII. Que o día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria asinaron un acordo de renovación onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do dito Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

VIII. Que en base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia. Este acordo ten como finalidade consolidar o traballo fronte á violencia contra as mulleres no conxunto do Estado, avanzando na institucionalización e a permanencia dos compromisos adquiridos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

Este marco de cooperación artículase a través dun Plan Conxunto plurianual que inclúe un Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres, así como un Sistema común de información e avaliación.

O Plan conxunto plurianual recolle unha serie de actuacións entre as que se atopan a de promover o acompañamento ás vítimas de violencia de xénero que o demanden en todas as fases do procedemento xudicial, e en especial, nos casos relativos a mulleres con discapacidade, a asistencia persoal para as mulleres con discapacidade e a adaptación dos servizos especializados ás necesidades específicas destas mulleres.

O 26 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as medidas que incluía no 2017, de 290 a 461 e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a económica e a dixital.

O Pacto de Estado insta ás comunidades autónomas a facilitar, no marco das súas competencias, a asistencia suficiente ás mulleres con discapacidade e deste xeito medidas como a 144 insta a implementar os recursos especializados ás necesidades e condicións de ditas mulleres, para facelos plenamente accesibles e inclusivos para elas (linguaxe de signos, lectura fácil,...), así mesmo a medida 265 garante ás vítimas con discapacidade auditiva a presenza de intérpretes de linguaxe de signos e a medida 266 promove a formación en violencia de xénero a intérpretes de linguaxe de signos que se encarguen de realizar labores de interpretación en casos de violencia de xénero en comisaría, xulgados, atención psicolóxica e social e a medida 278 para continuar garantindo o acceso de mulleres e nenas con discapacidade a lecturas informativas adaptadas (Braille, comunicación aumentativa) sobre prevención da violencia de xénero, acoso ou agresións sexuais.

IX. Que a entidade FAXPG entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2004/000107-2ª, e ten por finalidade defender os intereses das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva de Galicia así como acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural e a súa integración na sociedade. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de

Política Social e Igualdade co número E-0204.

A entidade vén traballando dende a súa fundación no desenvolvemento en accións que melloren a situación e a calidade de vida das persoas xordas, ante as Administracións e a sociedade en xeral e esixindo, como prioritario, o dereito a expresarse na súa propia lingua, a Lingua de Signos Española, e o acceso á información e a formación a través da mesma.

Conta cun Servizo de Intérpretes e Guías-Intérpretes de Lingua de Signos e cun Servizo Especializado de Atención a Persoas Xordas, distribuídos en 7 Axencias FAXPG ubicadas nas principais cidades de Galicia, así como cun servizo de formación.

O Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española e Guías-Intérpretes de Persoas Sordocegas (SILSE-GI) constitúe o mecanismo máis importante para a equiparación de oportunidade das persoas xordas ou con discapacidade auditiva e xordo cegas e o resto da sociedade, é o elemento básico para paliar as desigualdade que lles afectan na súa participación social.

Ten entre as súas funcións a interpretación de información de Lingua de Signos Española a lingua oral e viceversa, garantindo a comunicación efectiva entre as persoas xordas que sexan usuarias desta lingua e o seu entorno social, a guía interpretación para persoas xordocegas, realizando as adaptacións necesarias, servíndolles de nexo co entorno e facilitando a súa participación en igualdade de condicións.

X. Que a Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar, coa concesión dunha subvención pública, a realización por parte da FAXPG de actuacións tendentes a mellorar a atención ás mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero en Galicia, dándolle continuidade ao servizo de intérpretes en lingua de signos que asiste a estas mulleres dende o momento da presentación da denuncia, e apoiando así mesmo a formación de profesionais neste eido.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público,

social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas con necesidades especiais, como é o caso das mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero, un servizo integral, de atención, apoio, e recuperación tendo en conta a súa especial vulnerabilidade .

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese público, social e humanitario, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que a FAXPG é a única entidade que pola súa experiencia, dimensión, capacidade, implantación no territorio da Comunidade Autónoma dispón dos e das profesionais e medios suficientes para desenvolver axeitadamente as actuacións obxecto de subvención a través deste convenio.

Por todo o exposto ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto deste convenio a concesión directa dunha subvención pública destinada ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade das actuacións desenvoltas por (FAXPG) para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero en Galicia, coa continuidade dun servizo de intérpretes en lingua de signos dende o momento de presentación da denuncia, así como apoiar a formación das e dos profesionais que traballan neste eido, durante o ano 2026.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

A FAXPG prestará o apoio preciso ás mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero, en concreto a levar a cabo as seguintes actuacións:

a) Prestación do servizo de intérpretes de lingua de signos a mulleres vítimas de violencia de xénero: Mantense o servizo de interpretación de lingua de signos e mediación lingüística a mulleres vítimas de violencia de xénero xordas e xordo-cegas, que será activado segundo o protocolo específico que teña establecido a FAXPG para a atención

específica a estas mulleres.

Para estes efectos o importe a imputar será de 60 euros a primeira hora e 25 euros por cada fracción de media hora, sempre que esta sexa superior a 10 minutos.

Este mesmo importe imputarase no caso de prestar o servizo de intérprete na formación, xornadas ou obradoiros desenvolvidos ao abeiro das actuacións a subvencionar a través deste convenio.

b) Formación específica en linguaxe de signos a profesionais de centros ou servizos especializados na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Consiste nunha acción de formación básica de lingua de signos española a profesionais de servizos especializados de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero. A formación será de 30 horas de duración, en modalidade online que se realizará no último cuadrimestre do ano 2026 e incluírá unha acción de sensibilización de 2 horas en modalidade de telepresenza sobre os recursos específicos que as mulleres xordas vítimas de violencia de xénero teñen a súa disposición na actualidade para dar cobertura ás necesidades de protección e seguridade.

c) Organizar obradoiros formativos e preventivos dirixidos a mulleres xordas coa finalidade de que estas identifiquen claramente actitudes ou comportamentos que han de ser considerados como violencia de xénero.

TERCEIRA. ORZAMENTO

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións e servizos que ten previsto desenvolver FAXPG, ascende á cantidade de 20.000,00€.

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade aboará á FAXPG, a cantidade total de vinte mil euros (20.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, para os gastos derivados das actuacións sinaladas na cláusula segunda.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o **1 de decembro de 2025 e o 10 de decembro de 2026**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable os gastos de persoal adscrito á execución dos servizos a subvencionar, así como os gastos correntes directamente relacionado coas actuacións subvencionadas.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias, número de accións formativas realizadas, número de participantes e un resumo global dos resultados obtidos. Como anexo a dita memoria deben achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo remitirase a dita memoria co anexo en formato editable.

2. Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Certificación expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con

identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.

No caso dos custos de persoal a certificación incluírá unha relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar alomenos os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, importes, data de pagamento, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

c) Para xustificar os custos de persoal deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e documentación xustificativa do seu pagamento, e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC) correspondentes aos meses imputados e impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

A xustificación dos servizos de intérprete para a atención a vítimas de violencia de xénero, acreditaranse acompañando a certificación sinalada na alínea a), a copia dos xustificantes/fichas dos servizos realizados nos que se identificarán as persoas usuarias a través dun código, e que incluírán, polo menos, a data da realización do servizo, hora de inicio, hora de fin, organismo que solicita o servizo, de ser o caso, e a súa finalidade, asinado pola/o profesional que realiza o servizo de intérprete e pola persoa usuaria. Nas fichas achegadas poderanse ocultar os datos persoais das usuarias, non obstante a entidade presentará unha declaración de que as fichas orixinais están en poder da entidade para os efectos de poder efectuar as comprobacións oportunas se o estimase conveniente.

No caso da prestación do servizo de intérprete de signos en actuacións formativas desenvolvidas ao abeiro da atención a subvencionar a través deste convenio, a xustificación realizarase a través dunha certificación do órgano responsable da entidade

no que se recolla a actuación na que se realizou o servizo, a data ou datas e hora de inicio e finalización do servizo.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos dentro da anualidade 2026 que leven consigo **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

3. Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

4 Certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Á vista desta documentación, a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula terceira deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación das actuacións a subvencionar a través do presente convenio.

A xustificación deberá presentarse na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de

Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 15 de decembro de 2026.

SEXTA. PAGAMENTO ANTICIPADO E PAGAMENTOS A CONTA

1. Poderanse realizar pagamentos anticipados, logo da solicitude da entidade unha vez asinado o convenio, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que :*“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademáis, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. ”*.

2. Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das actuacións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula quinta, agás a memoria de actuación.

3. Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso, se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

4. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos artigos 62.3 e 67 do dito Decreto, a entidade beneficiaria queda exonerada da constitución de garantías como beneficiaria dunha subvención con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A FAXPG, como entidade beneficiaria da subvención, debe cumprir todos os requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como as obrigas previstas no artigo 11 da dita Lei, entre as que se atopan as seguintes: comprométese a:

- a) Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula segunda deste convenio, e que constitúen o obxecto da concesión da subvención e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a dita concesión, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- b) Presentar, antes da sinatura deste convenio as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- c) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Ministerio de Igualdade, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as actuacións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- d) Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do servizo a subvencionar a través do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregarase a lingua castelán se esta é requirida.
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das

súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

f) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

g) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

h) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

i) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

k) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

OITAVA. TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o

sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A entidade beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

NOVENA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade beneficiaria. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO PRIMEIRA. DURACIÓN

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de de decembro de 2026. Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a FAXPG dende o 1 de decembro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

1. Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso, precise para o desenvolvemento das ditas actuacións.
2. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Política Social e Igualdade de tal xeito que non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou vixencia deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN, E REINTEGRO

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os

seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

Será causa de extinción deste Convenio:

O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.

O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio

A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO CUARTA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de

responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace

<https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO SEXTA. RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

2. A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

3. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da FAXPG designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.

2. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a

Violencia de Xénero.

3. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral competente en materia de violencia de xénero designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

4. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

E en proba de conformidade as partes asinan este convenio no lugar e data da súa sinatura dixital

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

Fabiola García Martínez

A PRESIDENTA DA FEDERACIÓN DE
ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS
DE GALICIA

María Alonso Mesía